

## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2020/4	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	5 de marzo de 2020
<b>Duración</b>	Desde as 20:41 ata as 21:22 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
<b>Presidida por</b>	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS
<b>Secretaria</b>	SANDRA MARIA GARCIA CHENLO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
██████████	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
██████████	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
██████████	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
██████████	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
██████████	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
██████████	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	NON
██████████	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
██████████	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
██████████	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
██████████	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
██████████	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
██████████	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
██████████	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
██████████	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ

### Concello da Estrada





[REDACTED]	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
[REDACTED]	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
[REDACTED]	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
[REDACTED]	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
[REDACTED]	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
[REDACTED]	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
[REDACTED]	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ
[REDACTED]	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

#### A) PARTE RESOLUTIVA

##### **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 6 DE FEBREIRO DE 2020**

**Favorable**      **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 6 de febreiro de 2020, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

##### **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 24 DE FEBREIRO DE 2020**

**Favorable**      **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 24 de febreiro de 2020, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

##### **DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EDUCACIÓN RELATIVO Á MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAL CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN O VINDEIRO 8 DE MARZO DO "DÍA INTERNACIONAL DA MULLER"**

**Favorable**      **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Despois de que o Sr. Alcalde da lectura ao título deste punto da orde do día, pide a palabra o voceiro do grupo político municipal do Partido Socialista, **D. Luís López Bueno**, para informar que existe unha moción de urxencia a presentar polo grupo municipal Mixto (BNG) en relación a este tema.

O **Sr. Alcalde** aclara que o procedemento a seguir é que as mocións urxentes deberán de tratarse unha vez debatidos os asuntos incluídos na “parte resolutiva” e como un punto fóra da orde do día.

A continuación a Concelleira delegada de Benestar Social, **Dna. Amalia Goldar Cora**, da lectura á moción elaborada conxuntamente entre todos os grupos municipais con motivo do Día Internacional da Muller, a cal se transcribe a continuación:

*“A Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable impulsa o compromiso da comunidade internacional a través do Obxectivo 5 para o logro da igualdade de xénero e o empoderamento de todas as mulleres e nenas.*

*A igualdade entre os xéneros non é só un dereito humano fundamental, senón a base necesaria para conseguir un mundo pacífico, próspero e sustentable.*

*A nosa sociedade segue tendo que facer fronte a retos fundamentais para alcanzar a igualdade real e efectiva. No noso país, a pesar da igualdade recoñecida na Constitución e no noso ordenamento xurídico, e dos significativos progresos feitos nos últimos anos, a desigualdade entre mulleres e homes persiste.*

*Dúas das metas que se recollen no Obxectivo 5 da Axenda 2030 son:*

- *POLÍTICAS E LEIS PARA A IGUALDADE E O EMPODERAMENTO: Aprobar e fortalecer políticas acertadas e leis aplicables para promover a igualdade de xénero e o empoderamento de todas as mulleres e as nenas a todos os niveis.*
- *USO DE TECNOLOXÍA E ACCESO A TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN: Mellorar o uso da tecnoloxía instrumental, en particular a tecnoloxía da información e as comunicacións, para promover o empoderamento da muller.*

*Algúns dos datos a nivel estatal: O 58% do paro rexistrado en España corresponde ás mulleres; A diferenza salarial media entre home e mulleres en España é de 5.941 €; En España, o 75% das persoas con traballo a tempo parcial son mulleres; As mulleres en España destinan máis do dobre do tempo que os homes a tarefas vinculadas co fogar e a familia; Tan só un 28% das mulleres españolas realizan unha carreira tecnolóxica e un 7% enxeñerías.*

*Ademais en esta moción queremos tamén acordarnos de aquelas mulleres que a veces por motivos persoais, sociais ou laborais, sinten que cando se fala de empoderamento feminino, este término non vai con elas, e hai que recordar que vai especialmente con elas, con as mulleres do noso rural, cas mulleres que dedican o seu tempo e esforzo o cuidado dos demais, as mulleres que en definitiva son o pilar da nosa sociedade, e que hai que darlles as ferramentas necesarias para que se sintan protagonistas da nosa sociedade e da loita pola igualdade entre homes e mulleres en tódolos ámbitos.*

*Por todo o anterior o Pleno do Concello de A Estrada*

*1º.- Instar ao Goberno do Estado a:*

- *Aprobar o novo Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades 2019-2022, que será tamén un instrumento para dar cumprimento á Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable.*
- *Promover un Plan contra a brecha salarial en España e, impulsar a efectividade do principio de igualdade de remuneración por razón de sexo.*
- *Impulsar un Pacto Nacional para a Conciliación Laboral e a Racionalización de Horarios, para favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar.*
- *Desenvolver unha Estratexia Nacional para impulsar as vocacións STEM entre as*



*alumnas, que inclúa entre outros aspectos: Impulso ás materias STEM na educación e programas de formación do profesorado para a mellora na aprendizaxe das materias STEM*

- *Posta en marcha de iniciativas para a formación de mulleres en habilidades STEM na contorna rural, mellorando a súa formación no ámbito dixital, acceso ás novas tecnoloxías e uso das redes sociais.*

2º.- *Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a:*

- *Dentro das competencias da CA de Galicia levar a cabo as accións necesarias para conseguir como obxectivo fundamental a igualdade retributiva das mulleres en todos os ámbitos (tecnolóxico, cultural, deportivo, etc...).*
- *Elaborar un Programa para ou fomento das vocacións STEM (ciencia, tecnoloxía, inxeniería e matemáticas) entre as nenas e xóvenes para pechar a fenda de xénero nestes estudos e incrementar a presenza da muller nos ámbitos científicos e tecnolóxico de Galicia.*
- *Fomentar e incrementar os programas de alfabetización dixital das mulleres maiores e especialmente aquelas que vivan no medio rural, co obxecto de mellorar o manexo e as súas habilidades no uso das novas tecnoloxías.*

3º.- *O Concello de A Estrada comprométese a levar a cabo accións para poñer en valor e dar a coñecer ás mulleres referentes galegas que son líderes nos seus respectivos sectores para que rapazas e rapaces teñan referentes femininos en todos os ámbitos onde a labor das mulleres supoñan unha labor en prol da igualdade.”*

O **Sr. Alcalde** quiere lembrar que mañá ás 20:00 horas celébrase o recoñecemento á muller traballadora no MOME, ao que están todos convidados.

Finalmente, non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a moción elaborada conxuntamente entre todos os grupos políticos municipais con motivo da celebración o vindeiro día 8 de marzo de 2020 do “Día Internacional da Muller”, a cal se transcribe literalmente de seguido:

*“A Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable impulsa o compromiso da comunidade internacional a través do Obxectivo 5 para o logro da igualdade de xénero e o empoderamento de todas as mulleres e nenas.*

*A igualdade entre os xéneros non é só un dereito humano fundamental, senón a base necesaria para conseguir un mundo pacífico, próspero e sustentable.*

*A nosa sociedade segue tendo que facer fronte a retos fundamentais para alcanzar a igualdade real e efectiva. No noso país, a pesar da igualdade recoñecida na Constitución e no noso ordenamento xurídico, e dos significativos progresos feitos nos últimos anos, a desigualdade entre mulleres e homes persiste.*

*Dúas das metas que se recollen no Obxectivo 5 da Axenda 2030 son:*

- **POLÍTICAS E LEIS PARA A IGUALDADE E O EMPODERAMENTO:** *Aprobar e fortalecer políticas acertadas e leis aplicables para promover a igualdade de xénero e o empoderamento de todas as mulleres e as nenas a todos os niveis.*
- **USO DE TECNOLOXÍA E ACCESO A TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN:** *Mellorar o uso da tecnoloxía instrumental, en particular a tecnoloxía da información e as comunicacións, para promover o empoderamento da muller.*

*Algúns dos datos a nivel estatal: O 58% do paro rexistrado en España corresponde ás mulleres; A diferenza salarial media entre home e mulleres en España é de 5.941 €; En España, o 75% das persoas con traballo a tempo parcial son mulleres; As mulleres en España destinan máis do dobre do tempo que os homes a tarefas*



*vinculadas co fogar e a familia; Tan só un 28% das mulleres españolas realizan unha carreira tecnolóxica e un 7% enxeñerías.*

*Ademais en esta moción queremos tamén acordarnos de aquelas mulleres que a veces por motivos persoais, sociais ou laborais, sinten que cando se fala de empoderamento feminino, este término non vai con elas, e hai que recordar que vai especialmente con elas, con as mulleres do noso rural, cas mulleres que dedican o seu tempo e esforzo o cuidado dos demais, as mulleres que en definitiva son o pilar da nosa sociedade, e que hai que darlles as ferramentas necesarias para que se sintan protagonistas da nosa sociedade e da loita pola igualdade entre homes e mulleres en tódolos ámbitos.*

*Por todo o anterior o Pleno do Concello de A Estrada*

*1º.- Instar ao Goberno do Estado a:*

- Aprobar o novo Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades 2019-2022, que será tamén un instrumento para dar cumprimento á Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable.*
- Promover un Plan contra a brecha salarial en España e, impulsar a efectividade do principio de igualdade de remuneración por razón de sexo.*
- Impulsar un Pacto Nacional para a Conciliación Laboral e a Racionalización de Horarios, para favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar.*
- Desenvolver unha Estratexia Nacional para impulsar as vocacións STEM entre as alumnas, que inclúa entre outros aspectos: Impulso ás materias STEM na educación e programas de formación do profesorado para a mellora na aprendizaxe das materias STEM*
- Posta en marcha de iniciativas para a formación de mulleres en habilidades STEM na contorna rural, mellorando a súa formación no ámbito dixital, acceso ás novas tecnoloxías e uso das redes sociais.*

*2º.- Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a:*

- Dentro das competencias da CA de Galicia levar a cabo as accións necesarias para conseguir como obxectivo fundamental a igualdade retributiva das mulleres en todos os ámbitos (tecnolóxico, cultural, deportivo, etc...).*
- Elaborar un Programa para o fomento das vocacións STEM (ciencia, tecnoloxía, inxeniería e matemáticas) entre as nenas e xóvenes para pechar a fenda de xénero nestes estudos e incrementar a presenza da muller nos ámbitos científicos e tecnolóxico de Galicia.*
- Fomentar e incrementar os programas de alfabetización dixital das mulleres maiores e especialmente aquelas que vivan no medio rural, co obxecto de mellorar o manexo e as súas habilidades no uso das novas tecnoloxías.*

*3º.- O Concello de A Estrada comprométese a levar a cabo accións para poñer en valor e dar a coñecer ás mulleres referentes galegas que son líderes nos seus respectivos sectores para que rapazas e rapaces teñan referentes femininos en todos os ámbitos onde a labor das mulleres supoñan unha labor en prol da igualdade.”*

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Benestar Social, Igualdade e Educación en sesión celebrada o 27/02/2020.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, **ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Instar ao Goberno do Estado para:

- Aprobar o novo Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades 2019-2022, que será tamén un instrumento para dar cumprimento á Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable.*
- Promover un Plan contra a brecha salarial en España e, impulsar a*



efectividade do principio de igualdade de remuneración por razón de sexo.

- Impulsar un Pacto Nacional para a Conciliación Laboral e a Racionalización de Horarios, para favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar.
- Desenvolver unha Estratexia Nacional para impulsar as vocacións STEM entre as alumnas, que inclúa entre outros aspectos: Impulso ás materias STEM na educación e programas de formación do profesorado para a mellora na aprendizaxe das materias STEM
- Posta en marcha de iniciativas para a formación de mulleres en habilidades STEM na contorna rural, mellorando a súa formación no ámbito dixital, acceso ás novas tecnoloxías e uso das redes sociais.

**Segundo.-** Instar ao Goberno da Xunta de Galicia para:

- Dentro das competencias da CA de Galicia levar a cabo as accións necesarias para conseguir como obxectivo fundamental a igualdade retributiva das mulleres en todos os ámbitos (tecnolóxico, cultural, deportivo, etc...).
- Elaborar un Programa para ou fomento das vocacións STEM (ciencia, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas) entre as nenas e mozas para pechar a fenda de xénero nestes estudos e incrementar a presenza da muller nos ámbitos científicos e tecnolóxico de Galicia.
- Fomentar e incrementar os programas de alfabetización dixital das mulleres maiores e especialmente aquelas que vivan no medio rural, co obxecto de mellorar o manexo e as súas habilidades no uso das novas tecnoloxías.

**Terceiro.-** O Concello de A Estrada comprométese a levar a cabo accións para poñer en valor e dar a coñecer ás mulleres referentes galegas que son líderes nos seus respectivos sectores para que rapazas e rapaces teñan referentes femininos en todos os ámbitos onde a labor das mulleres supoñan unha labor en prol da igualdade.

## FÓRA DA ORDE DO DÍA

Antes de pasar á parte de “Actividade de control”, o **Sr. Alcalde** pregunta se algún dos grupos municipais asistentes a esta sesión queren presentar algunha moción de urxencia.

Pide a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, quen, antes de presentar a súa moción, quería solicitar ao Pleno que manifestara a súa condena á agresión feita a un concelleiro do BNG de Caldas de Reis.

O **Sr. Alcalde** lle lembra que estamos no apartado de asuntos de fóra da orde do día, no cal se presentarán as mocións de urxencia, e o asunto que se plantexa tería cabida no apartado de Rogos e Preguntas, xa que non ten a fórmula xurídica de moción e, polo tanto, non cabe aquí o debate desa cuestión, convidando á voceira do grupo Mixto para que presente unha iniciativa nesa liña e se poida debater na Comisión Informativa que corresponda e, posteriormente, sometelo a unha sesión plenaria.

Retoma a súa intervención a **Sra. Camba Castro** para presentar unha moción en relación co Día Internacional da Muller, a cal coincide nunha parte coa moción conxunta tratada anteriormente, pero na outra quérese insistir nos coidados da muller, considerando urxente á aprobación dunha serie de medidas e que serán reclamadas nas mobilizacións programadas para o vindeiro 8 de marzo polo feminismo organizado de Galicia; moción que se transcribe

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





literalmente de seguido:

*“O vindeiro 8 de marzo o feminismo galego fará historia novamente, como xa fixo nos anos 2018 e 2019 cunha folga histórica. Baixo o lema “Sen coidados non hai vida. Mudando o sistema, derrubando o patriarcado” están convocados diversos actos preparatorios, unha manifestación nacional en Verín o 1 de marzo e numerosas convocatorias locais e comarcais para a propia xornada do 8 de marzo.*

*Con esta resposta e con esta campaña, o feminismo galego autoorganizado sitúa os coidados no centro do debate e as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político no que vivimos, que non podería sosterse sen coidados que se desenvolven en moitas ocasións de forma gratuíta ou a través da precarización de moitas mulleres.*

*Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que corresponde ás institucións escoitar e recoñecer os debates que o feminismo galego está a colocar na axenda social e comprometer os nosos esforzos en corrixir as desigualdades que permanecen na Galiza de 2020.*

*Hoxe no noso país temos, malia que é ilegal, unha fenda salarial de máis de 4.000 euros entre homes e mulleres, que se dá tamén nas pensións de xubilación en máis de 400 euros. Así mesmo, sabemos que os coidados de maiores e crianzas recaen maioritariamente nas mulleres, quen continúan a ser con moito quen máis horas das súas vidas invisten nestes ámbitos.*

*Así mesmo, as galegas sufriron o deterioro dos servizos públicos básicos durante a recesión económica e as medidas tomadas polo Partido Popular. Tamén hai que ter en conta as repercusións para Galiza dun sistema de financiamento insuficiente tanto para a Xunta de Galiza como para os concellos, que son claramente discriminados e ao que se engaden as imposicións de déficit e restrición de gasto. Todo isto, xunto con decisións e recortes que se aplicaron desde as administracións galega e estatal, teñen derivado no infrafinanciamento de moitos servizos públicos. Esta situación tradúcese moitas veces na precarización destes servizos e das persoas que traballan neles, como é o caso do Servizo de Axuda no Fogar.*

*Outro ámbito moi importante de discriminación na esfera dos coidados é o do traballo do fogar ou traballo doméstico. Tanto polas desigualdades vixentes na organización familiar e os limitados avances na corresponsabilidade como por ser un ámbito que agocha moitas formas de traballo precarizado e mesmo alegal. Cumprida conta desta situación dan os datos que reflicten as grandes diferenzas que hai na distribución dos tempos no fogar entre homes e mulleres ou as consecuencias que o neoliberalismo ten en materia de precariedade, agravadas no caso de moitas mulleres migrantes.*

*É, ademais, un ámbito non suficientemente investigado e estudado mais que é evidente que ten un gran impacto na economía, que sería insostíbel sen esa achega non remunerada que lle regala a a vixencia do sistema patriarcal. Cómpre lembrar, por exemplo, que o valor xerado polas actividades no ámbito doméstico representaría o 50,6% do PIB de Galiza segundo a última Conta Satélite publicada no ano 2013 respecto do ano 2010 e con base 2008.*

*Por todas estas razóns, este 8 de marzo cómpre recoñecer o traballo do feminismo galego e contribuír desde esta institución a combater a precarización de servizos de coidados ocupados maioritariamente por mulleres, e a dar visibilidade ao que supón no noso sistema económico e social a contribución do traballo invisible dos coidados como paso necesario para construír unha nova orde social que supere o patriarcado.*

*Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte*

## ACORDO

*1. Recoñecer e apoiar as convocatorias do feminismo galego autoorganizado que neste 2020 colocan no centro do debate os coidados e as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político no que vivimos, que non podería sosterse sen coidados que se desenvolven en moitas ocasións de forma gratuíta ou a través da precarización de moitas*





mulleres, comprometéndose a traballar para que os poderes públicos contribúan a superar esta situación.

2. Demandar da Xunta de Galiza o seu compromiso coa realización de estudos periódicos sobre o valor social e económico do traballo do fogar e do coidado. A comezar por:

- 2.1. Dar cumprimento ao artigo 29.3 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de igualdade e realizar as actuacións necesarias para que no primeiro semestre de 2020 estea en marcha o desenvolvemento dunha nova Conta Satélite da Producción Doméstica.
- 2.2. Realizar as actuacións necesarias para que no ano 2020 se desenvolva un profundo estudo, en colaboración coa universidade galega, do reparto do tempo nos fogares galegos.
- 2.3. Comprometerse a iniciar a elaboración Plan de Dignificación e Visibilización dos Coidados co fin de valorizar e divulgar entre o conxunto da poboación galega a súa relevancia económica e social e as consecuencias que supón para o exercicio dos dereitos das mulleres o desequilibrio que persiste na actualidade así como as vantaxes sociais dun reparto equitativo dos tempos entre homes e mulleres.

3. Demandar da Xunta de Galiza a asunción dos programas relativos á Dependencia para garantir a súa prestación universal e en igualdade para todas as persoas usuarias, sen que iso dependa do Concello de residencia (con capacidades económicas diferentes, e que fai que por exemplo, os Concellos máis pequenos do interior xeralmente cunha media de idade máis alta, teñan que suspender a prestación dos servizos por non poder facer fronte ao complemento que a Xunta obriga a pagar aos Concellos). Transitoriamente, demandar da Xunta de Galiza e do Goberno central, o incremento da súa dotación orzamentaria de forma que se garanta a continuidade dos servizos e se melloren as condicións laborais e salariais das traballadoras.”

Pregúntalle o **Sr. Alcalde** cal é a xustificación da urxencia da moción que se presenta, sendo o trámite esencial para presentar calquera moción fóra da orde do día, e despois de aprobada a urxencia, procederíase a presentar o contido da moción e conseguinte debate. Sen embargo, quere entender que a urxencia é a proximidade da celebración do Día Internacional da Muller, pero lembra que para este fin xa se redactou unha moción conxunta entre todos os grupos políticos e que se tratou anteriormente, polo que considera que a moción que presenta o grupo Mixto ten máis que nada unha carga política, xa que o que nela se propón afecta esencialmente a decisións que lle corresponden a outras administracións, polo que non comparte a urxencia desta moción, sobre todo tendo en contra a existencia da anterior moción conxunta. Polo dito, traslada o voto en contra do seu grupo á urxencia da moción presentada, sen prexuízo de que, si así o considera, esta moción sexa tratada na Comisión Informativa correspondente e despois se someta ao Pleno novamente para o seu debate.

Sométese a urxencia a votación, rexeitándose polos votos en contra do grupo municipal do Partido Popular, abstención do grupo de MOVETE e a favor dos grupos socialista e mixto (BNG).

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 4TX9AGSQE2RY44QDCL7PM4RZT | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 12





## DACIÓ DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO DO 3 AO 28 DE FEBREIRO DE 2020

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 3 e 28 de febreiro de 2020 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2020-0116 ao número 2020-0238 (incluídos os dous).  
A Corporación en Pleno queda sabedora.

### C) ROGOS E PREGUNTAS

Intervén, en primeiro lugar, o voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, para manifestar, en relación á moción presentada anteriormente por urxencia, que houbo a oportunidade cando se elaborou a moción conxunta con motivo do Día Internacional da Muller de incluír aquelas partes que o BNG propuxera, o cal foi unha oportunidade perdida.

Continúa dicindo que os veciños do lugar de Montillón fan unha serie de denuncias polas deficiencias existentes dende antes do Nadal, causadas polos correntos de terra e que afectan ao camiño de entrada a dito lugar; e, aínda que se fixeron traballos de retirada dos escombros e terra causados polo dito derrube, fai falla facer outro tipo de actuacións para evitar que volva a ocorrer, sendo necesario que o Concello fale coa propietaria do terreo para manexar a posibilidade de facer un muro de contención e así mellorar a seguridade deste vial. Ademais do anterior, informa que hai unha fuga nunha baixante do saneamento, ocasionando verquidos sobre a entrada dun portal, producindo unha imaxe e cheiro desagradable, pregando facer algunha actuación para solucionar este problema, considerando que trataríase dun traballo fácil e pouco importante, sendo coñecedor que xa existe unha valoración por parte do Concello.

Tamén prega que se solucione o problema existente na parte alta do lugar de Montillón, na que se sofre outra deficiencia en materia de saneamento, provocado polas choivas, xa que cando hai moita auga as canalizacións non son suficientes cos conseguintes desbordamentos.

Así mesmo, tamén no lugar de Montillón, existe un buraco profundo nun camiño que da acceso ás vivendas, pedindo que sexa arranxado.

No lugar de O Barco - Couseiro continúan as queixas por mor das canalizacións de auga, xa que as augas baixan polas pistas provocando os seus deterioros, polo que tamén prega que se arranxa este problema.

Lembra que continúa sen limpar o camiño que vai de Riomaso a Vendexa, á altura das granxas de Cancelas, o cal sofre un corrento de terras sen que, a día de hoxe, se fixera ningunha actuación de limpeza; polo que prega que se proceda e efectuar os traballos necesarios para dar solución a este problema.

Lembra que fai uns días o seu grupo presentou unha moción pola que se propón á creación dunha Comisión sobre o reto demográfico, a cal aínda está sen levar á Comisión Informativa correspondente; aínda que é sabedor que está no departamento de Secretaría, preguntando en que estado de tramitación se atopa.

O **Sr. Alcalde** lle responde que está na lista de tarefas de Secretaría.

O **Sr. López Bueno** só quere facer notar que a devandita moción está presentada e que quere que sexa debatida o máis pronto posible, por tratarse dun asunto preocupante e que necesita de urxentes medidas de solución.

Tamén quere lembrar a existencia doutra moción en relación á bonificación no



prezo da Escola Infantil municipal para aquelas familias a partires do segundo fillo, onde o seu grupo fixo unha serie de propostas e tamén se advirten dun par de problemas, preguntando en que estado se atopa e cando será convocada a Comisión Informativa, porque considera que é un tema urgente.

Resposta o **Sr. Alcalde**, en relación á moción de adaptación da Ordenanza fiscal reguladora da Escola Infantil, que estase á espera do informe da Intervención municipal o cal debe de informar sobre o impacto que tería a bonificación proposta, informando que posiblemente a Comisión sería convocada para a semana que ven, pero todo depende do nomeado informe de Intervención, avanzando que o impacto que pode ter a adopción desa bonificación rondaría os nove mil euros, case tres mil euros mensuais que teríamos que asumir ata o mes de agosto e, a partires do mesmo, a Xunta de Galicia decidiu que as Escolas Infantís tamén entrarían dentro da Orde que afecta ás outras escolas; informa, así mesmo, que non se podería impoñer con efecto retroactivo.

Intervén novamente o **Sr. López Bueno** para pregar celeridade nese asunto, lembrando que, no seu momento, falouse coa Concelleira de Benestar Social (Amalia Goldar Cora) para facer un acordo plenario e notificalo á Xunta de Galicia en relación de que os Concellos non se vexan dende o inicio prexudicados pola imposición desta bonificación, porque carece de sentido que exista a posibilidade das familias de acollerse a través dunha liña de axudas a unha redución no pagamento mediante un financiamento cando se trata de escolas concertadas, e, sen embargo, os Concellos non poidan acollerse a este financiamento dende o principio.

En canto ao tema da retroactividade, sabía que ía a existir problemas xurídicos para a súa aplicación, pero hai que ter en conta outros factores e, por iso, pide que se estude o tema con mente aberta, porque hai solucións, esperando atopalas nesa Comisión que se celebre.

O **Sr. Alcalde** di que se lle trasladará á Xunta de Galicia esta cuestión, pero aclara que, segundo información que ten, esta, aproximadamente en quince días, publicará o Decreto polo que se estenderá ás Escolas Infantís Municipal a posibilidade de acollerse á nomeada Orde.

#### **(EXISTE UNHA INTERVENCIÓN QUE NON SE PODE TRANSCRIBIR, POR MOR DE NON UTILIZAR O MICRÓFONO)**

Pide a palabra a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para pedir aos/ás estradenses que apoiem e asistan á manifestación convocada paras ás 12:00 horas do día 8 de marzo na Praza do Mercado con motivo do Día Internacional da Muller, convocada pola Plataforma Feminista.

A continuación plantexa unha serie de rogos, derivados algúns deles de queixas de veciños/as:

- A necesidade de asfaltado de todas as pistas da parroquia de Rivela, sendo as máis necesitadas a que une os lugares de Outeiro en Codeseda e Trabadela en Rivela, a que vai de Marcenlos - Codeseda ata a Ponte de Rivela.
- Prega que se asfalte un camiño sito en Baltar - Ribeira, o cal da acceso a tres vivendas.
- Solicita que se xa mellorado o firme da pista e que é unha continuación da Avenida de Vigo.
- Pregunta se se lle vai a esixir á Xunta de Galicia á realización de accións significativa na PO-213, por ser unha das estradas máis transitadas e máis perigosas do noso municipio.



- Traslada a queixa dos/das veciños/as da Rúa Pérez Viondi por causa de que o contedor de lixo (sito fronte ao CEIP) está sempre cheo, polo que reclaman a colocación dun contedor a maiores.
- Prega que se mellore o alumado público da zona da Igrexa e no canellón que comunica as rúas Manuel García Barros e Irmáns Valladares (á altura do Bar Bodegón).
- Traslada novamente o rogo dos veciños de Ribas de Veá, parroquia de Sta. Cristina de Veá, para que se corrixa a deficiente canalización e que afecta a unha vivenda en concreta, provocando a inundación do seu soto cando chove. Deste asunto deuse conta a unha anterior sesión plenaria con incluso copia do escrito presentado polo interesado, pero aínda a día de hoxe non se fixo nada.

**(ABANDONA A SESIÓN O CONCELLEIRO D. ÓSCAR A. DURÁN BARROS, SENDO AS 21:11 HORAS)**

- Pregunta cando se ten previsto facer o pagamento o das Escolas Deportivas municipais, porque dende o mes de novembro de 2019 non se cobran.
- Tamén pregunta cando se procederá a abonar aos provedores que teñen facturas do ano pasado e pendentes de cobramento.

Para dar resposta á anterior intervención, toma a palabra o **Sr. Alcalde**, quen, en primeiro lugar e en relación ao cobramento das Escolas Deportivas municipais, aclara que está contemplado dentro do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, ao igual que aquelas facturas presentadas despois do 15 de decembro de 2019, expediente que será sometido á súa aprobación a unha sesión extraordinaria do Pleno que se convocará para o día 18 do presente mes, para despois seguir cos trámites de publicación e posterior pagamento.

En relación aos rogos trasladados, di que se recollen para proceder o antes posible as súas respectivas solucións; e, no que se refire ao tema dos asfaltados, comunica que se está a rematar un proxecto para incorporar dentro do Plan Concellos deste ano, e que contempla diferentes arranxos de camiños no noso rural, contando tamén con outro xa pechado e financiado con fondos da AGADER e FEDER, e outro a maiores financiado con fondos municipais; contando cunha previsión de asfaltado de máis de oitenta pistas municipais e cun importe aproximando de tres millóns de euros. En canto as demandas de arranxo das pistas relacionadas pola voceira Mar Blanco, advirte que hai pistas en moito peor estado que esas, e serán acometidas as actuacións en funcións da planificación da cada un dos proxectos nomeados.

Intervén a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba**, para reiterar, en primeiro lugar, a petición de condenar a agresión ao concelleiro do BNG do Concello de Caldas de Reis por parte dun empresario despois dunha denuncia feita por causa dun verquido ilegal no monte, e así deixar constancia do desacordo con este tipo de actuacións violentas.

O **Sr. Alcalde** deixa constancia da condena proposta pola voceira do grupo Mixto (BNG).

Continúa a **Sra. Camba Castro** trasladando os seguintes rogos e preguntas:

- Traslada as queixas dos usuarios da Rúa 25 de Xullo ante o mal estado do firme e do pintado deste vial, poñendo en perigo a circulación, polo que prega que se corrixan estas deficiencias.
- Pregunta se o Director da Banda de música que cesou como tal, continúa figurando como tal na RPT.





O **Sr. Alcalde** lle lembra que na actualidade non hai RPT.

A **Sra. Camba** pregunta cal é a situación neste momento do nomeado traballador.

Resposta o **Sr. Alcalde** que exerce a dirección do Conservatorio Municipal de Música e como tal é o contrato laboral que ten co Concello e o salario que percibía e percibe é como Director do Conservatorio; as funcións de Director da Banda estaba dentro das contempladas no contrato, é dicir, que non estaba remunerado polo feito específico de ser Director da Banda; é, unha vez entre en vigor a RPT, levarase a cabo a modificación das funcións de ese posto, ademais de considerar que non é normal que dentro das funcións contractuais se inclúa a labor de ser director dunha asociación independente do Concello.

Continúa coa súa intervención a **Sra. Camba Castro** para preguntar en que estado está o procedemento de elaboración da lista de reserva do posto de psicólogo/a do CIM, e cal é a previsión para cubrir dito posto de traballo.

Contesta o **Sr. Alcalde** que o proceso xa rematou, seleccionándose a unha persoa que, posteriormente, renunciou ao posto ao non aceptarse as condicións especiais que esixía, por mor de non permitilo o Decreto. Nestes momentos se está a estudar a maneira de cubrir dito posto de traballo durante o tempo da baixa da titular, pero para dar máis información ao respecto, concédelle a palabra á Concelleira de Benestar Social, Dna. Amalia Goldar Cora.

A **Sra. Goldar Cora** informa que se pensou en contratar unha empresa externa para cubrir o servizo do CIM, sen embargo non foi posible, polo que se está iniciando novamente o procedemento de contratación laboral para elaborar dita lista de reserva, esperando que no menor tempo posible se poida facer dita contratación. Ante o anterior, traslada que o servizo está activo, dando servizo de xeito coordinado ás demandas que se presenten.

A **Sra. Camba Castro** comunica que o seu grupo ten presentada unha solicitude para visitar o Museo Reimóndez Portela, co fin de comprobar o estado dos fondos despois da obra acometida; preguntando tamén se hai previsión para a elaboración dun “plan museístico” (cuestión tamén trasladada ao Padroado da Fundación).

O **Sr. Alcalde** responde a esta última pregunta, que se está a traballar dende o departamento municipal de Cultura co director do Museo Reimóndez Portela para darlle unha viabilidade a curto prazo desa administración de fondos así como establecer un horario de visitas, e, nese orde, se está a organizar a visita solicitada, esperando poder darlle o antes posible unha contestación á pregunta formulada pola anterior voceira.

Non habendo máis intervencións polos/as voceiros/as dos grupos políticos municipais, o **Sr. Alcalde**, en cumprimento do disposto no Regulamento de Participación Cidadá, pregunta ao público presente se se ten algún rogo ou cuestión que queira plantexar ao Pleno, e, non habendo, procédese a levantar a sesión sendo as vinte e unha horas e vinte e dous minutos do día do seu comezo.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 4TX9AGSQEZRY44QDCL7PM4RZT | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 12